redacción destes apartados xa se recolle no artigo 63 da vixente Lei de caza de Galicia, o certo é que sería aconsellable que en ambos casos a devolución se previse na resolución sancionadora, non bastando para tal efecto a formulación da proposta de resolución toda vez que o órgano resolutor pode discrepar dela (esta mesma recomendación foi formulada polo Consello Consultivo da Rexión de Murcia no seu ditame número 60/2003, ao anteproxecto de Lei de caza e pesca da devandita Comunidade Autónoma). Desta forma, ademais, se conseguiría a plena correspondencia co disposto no artigo 74.4 do anteproxecto.

No apartado 4.d) debería clarexarse se se está a aludir ás armas comisadas non rescatadas.

Artigo 77.- Infraccións leves

Cómpre incluir un apartado inicial co seguinte teor ou similar: " *Son infraccións leves*".

En relación co apartado 2 cómpre indicar que no artigo 49.1.a) do anteproxecto non se esixe que a persoa maior de idade encargada da vixilancia do menor sexa cazador.

No apartado 4 se alude ao *"prazo legalmente previsto"* para a renovación da licenza cando o anteproxecto que nos ocupa non recolle o devandito prazo. Neste sentido reitérase a recomendación efectuada en relación co artigo 50 do anteproxecto de que figure no texto tanto o período de validez da licenza como o prazo para a súa renovación.

No apartado 5 debería clarexarse se, para entender cometida a infracción, é preciso que a peza sexa perseguida por cazador/es e tamén necesariamente polos seus cans ou aves de cetraría (habida conta do disposto no artigo 6.5 do anteproxecto, no que se alude á persecución "*con ou sen axuda de cans ou outros medios*").

No apartado 6 debería clarexarse o significado do inciso *"Non abrir"* (téñase en conta que o artigo 53.3 do anteproxecto só alude ao verbo descargar) e ademais aconséllase corrixir as erratas "*alleas á cazaría*" e *"nos momentos de descanso"*.

Debería existir a necesaria correspondencia entre a infracción tipificada no apartado 7 e o disposto no artigo 63.1.l) do anteproxecto.

No apartado 8 debería precisarse se soamente se cometería a infracción no caso de non dispoñer de autorización (na mesma liña que no apartado 7), de acordo co previsto no artigo 63.1 do anteproxecto. Isto mesmo cabe indicar en relación co apartado 14 e 29 e, en xeral, coas

diferentes tipificacións en relación co incumprimento de prohibicións respecto das que no anteproxecto se prevé a salvidade da autorización.

No apartado 9 aconséllase o emprego dunha terminoloxía uniforme en relación co previsto no artigo 57.5 do anteproxecto. Por máis abastamento reitérase a recomendación efectuada en relación co devandito precepto respecto á necesaria correspondencia entre ambos artigos.

En relación coa infracción prevista no apartado 11 e habida conta da remisión regulamentaria prácticamente en branco que se recolle no artigo 38 do anteproxecto, cómpre recordar a doutrina xurisprudencial exposta máis arriba en relación co principio de legalidade en materia sancionadora conforme a cal na lei deben quedar suficientemente determinados os elementos esenciais da conduta antixurídica.

No apartado 12 debería precisarse o alcance da infracción prevista, en concreto, a que normas se está a aludir (habida conta da nova configuración das zonas de seguridade que se recolle no anteproxecto). No caso de que non se aluda a normas contidas no anteproxecto, reitérase o disposto en relación co apartado 11.

O disposto no apartado 13 debería gardar a necesaria coherencia co previsto no artigo 56.6 do anteproxecto.

Aconséllase clarexar o alcance da infracción prevista no apartado 15.

Debería clarexarse a relación entre a infracción prevista no apartado 17 e a contida no apartado 25.

Recoméndase que o disposto no apartado 18 garde a necesaria correspondencia co tenor literal do artigo 48.2 do anteproxecto (no que só se alude á prohibición de portar armas ou aves de cetraría).

Recoméndase que a dicción do apartado 20 garde plena correspondencia coa do artigo 60.5 do anteproxecto.

Aconséllase mellorar a redacción da infracción prevista no apartado 21 toda vez que non cabe confundir a tipificación da infracción coa determinación do responsable.

Recoméndase recoller as dúas infraccións previstas no apartado 22 en apartados diferenciados. Por máis abastamento, reitérase a recomendación do emprego dunha terminoloxía uniforme ao longo do texto, en concreto, o termo *"xefe/a de cuadrilla"* non se emprega en ningún outro precepto.

En relación coa infracción prevista no apartado 23 cabe indicar, por unha banda, a ausencia, no articulado do anteproxecto, da obriga xenérica de subministro de información sobre o resultado das cazarías. Por outra, habida conta da remisión efectuada no artigo 21.3 do anteproxecto, aconséllase que na tipificación da infracción se recolla unha remisión ao artigo 44 (por ser este o precepto no que, propiamente, se contempla a información a subministrar) e se detalle se a comisión da infracción se refire á falta de subministro de toda a información prevista no devandito precepto (isto é, tanto á memoria como aos datos que poidan ser solicitados pola consellería) ou só a algún deles.

No apartado 24 debería suprimirse o inciso *"científica"*, non empregado no artigo 67.3 do anteproxecto e habida conta, ademais, que a caza con outros fins, non se limita só a fins de carácter científico (a teor do disposto no artigo 67.1 do anteproxecto).

No apartado 25, xunto coa recomendación xa efectuada en relación co apartado 17, aconséllase que se aluda tanto o Plan Anual de Aproveitamento Cinexético como o Plan de Ordenación Cinexética aprobados.

Aconséllase suprimir a infracción prevista no apartado 26 ao estar subsumida xa na cláusula residual prevista no apartado 31.

En relación coa infracción prevista no apartado 27 debería gardar a necesaria correspondencia co disposto no artigo 62.3 do anteproxecto.

En relación co apartado 28 aconséllase empregar os mesmos termos que no artigo 59.2 do anteproxecto.

En relación co apartado 29 e co fin de evitar reiteracións innocesarias, recoméndase recoller unha mera remisión ao concepto de días de fortuna previsto no artigo 63.1.b) do anteproxecto.

Cómpre clarexar a relación da infracción tipificada no apartado 30 coa prevista no apartado 11.

Recoméndase substituir o último inciso do apartado 31 polo seguinte ou similar: *"cando non sexa constitutivo de infracción grave ou moi grave"*.

Artigo 78.- Infraccións graves

Aconséllase encabezar o precepto co seguinte inciso ou similar: *Son infraccións graves:*

Convén clarexar a infracción prevista no apartado 1 (en concreto se se trata dunha soa infracción ou dúas diferentes).

A infracción prevista no apartado 2 debería gardar a necesaria correspondencia co previsto no artigo 63.1.i) do anteproxecto.

No apartado 4 aconséllase recoller unha remisión ao concepto de posta previsto no artigo 60.1 do anteproxecto en lugar de recoller novamente tal concepto no artigo que nos ocupa. En todo caso, de manterse tal definición, esta debería coincidir plenamente coa prevista no artigo 60.1 do anteproxecto.

O disposto no apartado 5 debería gardar a necesaria correspondencia co previsto no artigo 62.2, apartados a) e c) do anteproxecto, co fin de evitar dúbidas en relación coa concreta conduta tipificada.

Respecto da infracción prevista no apartado 8, ao tipificar non só o uso senón tamén o acción de portar, semella existir unha posible reiteración da infracción prevista no artigo 77.19. Isto mesmo cabe indicar respecto da infracción tipificada no apartado 13.

Xunto a iso e seguindo co apartado 8, reitérase a recomendación efectuada en relación co artigo 60.4 do anteproxecto. Ademais, a infracción tipificada garda paralelismo coa prevista no artigo 76.1.q) da Lei 42/2007, do 13 de decembro, de Patrimonio Natural e Biodiversidade, polo que debe traerse a colación a doutrina do TC exposta máis arriba en relación co carácter básico do réxime sancionador previsto no devandito texto legal. Conforme ao previsto no artigo 76.2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, terán en todo caso a consideración de infraccións moi graves calquera das recollidas no artigo 76.1 se a valoración dos danos supera os 200.000 euros.

Polo que respecta á infracción prevista no apartado 9 debería terse presente que o artigo 77, apartados 6 e 13, do anteproxecto contempla como infraccións leves contravencións do disposto no artigo 56.

Nos apartados 10 e 11 aconséllase empregar os mesmos termos que no artigo 59.2 do anteproxecto.

Convén clarexar as condutas tipificadas no apartado 12 toda vez que a redacción proposta resulta confusa e de difícil comprensión. En todo caso, ao aludir á caza sen autorización, cómpre advertir da infracción tipificada no artigo 76.1.l) da Lei 42/2007, do 13 de decembro, a cal, conforme ao disposto no apartado 2 do mesmo artigo, deberá ter a consideración de moi grave cando a valoración dos danos supere os 200 000 euros.

No apartado 14 resulta de difícil comprensión o inciso *"sen identificación"*.

Cómpre precisar a infracción prevista no apartado 15, en especial o sentido do inciso *"non sendo titular de licenza no último ano"* e *"estando inhabilitado para iso"*.

No apartado 16 debería aludirse soamente aos gardas de caza, por coherencia coa prohibición prevista no artigo 69.5 do anteproxecto.

O disposto no apartado 17 debería gardar a necesaria correspondencia co previsto no artigo 62.2, apartados b) e g). En concreto, no apartado b) non se alude a animais mutilados e o inciso relativo á ausencia de autorización ou a ir en contra das disposicións establecidas na autorización só se prevé no apartado b) e non no g). Todo iso sen prexuízo da recomendación efectuada respecto do contido do artigo 62 do anteproxecto posto en relación co artigo 62 da Lei 42/2007 e do seu Anexo VII.

Polo que respecta á infracción prevista no apartado 18, debería precisarse o alcance dos termos *"autoridade e aos seus axentes"*. A maior abastanza, aconséllase que exista a necesaria correspondencia co previsto no artigo 68.3.c) do anteproxecto.

No apartado 19 aconséllase aludir á documentación obrigatoria para o exercicio da caza, co fin de que o apartado garde a necesaria correspondencia co disposto no artigo 63, apartado 3.a) do anteproxecto.

No apartado 20 debería recollerse a denominación completa *"explotación cinexética comercial"*. Ademais, debería clarexarse a relación desta infracción coa tipificada no artigo 77.17 do anteproxecto.

O previsto no apartado 22 debería gardar a necesaria correspondencia co indicado no artigo 40.1 do anteproxecto, no que non se alude a unha resolución administrativa.

En relación co previsto no apartado 23, recoméndase que se inclúa no texto do anteproxecto a correspondente obriga, cuxo incumprimento determinaría a comisión da infracción. Neste sentido cabe apuntar que o artigo 21.5 do anteproxecto contempla a devandita obriga só de forma parcial e soamente respecto dos titulares de tecores.

Tamén debería recollerse no texto do anteproxecto as esixencias da explotación comercial da caza, cuxo incumprimento determinaría a comisión da infracción prevista no apartado 24.

Aconséllase que a infracción prevista no apartado 26 garde a necesaria correspondencia co disposto no artigo 68.3 do anteproxecto, de xeito que non haxa dúbidas respecto da conduta tipificada.

Recoméndase gardar a necesaria correspondencia entre o disposto no apartado 27 e o previsto no artigo 63.1.a) do anteproxecto toda vez que os termos amplos da redacción proposta implicaría subsumir na infracción outros tipos previstos no anteproxecto. Ademais, debería clarexarse a relación desta infracción coa tipificada no apartado 12.

Aconséllase recoller en apartados diferenciados as infraccións previstas no apartado 32. Ademais, na segunda infracción prevista no devandito apartado debería aludirse a *"servir para beneficiarse da caza allea"* (en coherencia co disposto no artigo 62.2.i) do anteproxecto).

Debería empregarse unha terminoloxía uniforme no apartado 33 posto en relación co artigo 59.1 do anteproxecto. Por máis abastamento, neste último precepto non se alude á posibilidade de obter autorización.

Aconséllase clarexar a relación entre a infracción prevista no apartado 34 e a contida no apartado 12.

No apartado 35 debería aludirse de xeito completo ao seguro de responsabilidade civil (artigo 49.1.c) do anteproxecto).

Cómpre clarexar o significado da infracción prevista no apartado 37.

No apartado 39 debería clarexarse o concepto de autorización de caza científica ou de control dunha especie.

No apartado 41 debería aludirse aos axentes da autoridade dependentes da Administración autonómica (remitimonos, neste punto, ao comentario efectuado ao artigo 56.9 do anteproxecto).

Artigo 79.- Infraccións moi graves

Aconséllase encabezar o precepto co seguinte inciso ou similar: *"Son infraccións moi graves"*

Respecto do apartado 1 reitérase a recomendación efectuada en relación co artigo 78.14 do anteproxecto.

En relación co apartado 2 cabe advertir que a prohibición contida no artigo 62.2.f) do anteproxecto non se limita aos terreos cinexéticos.

A infracción prevista no apartado 3 semella ser unha reiteración, alomenos en parte (polo que atinxe á conduta consistente en portar) da infracción prevista no artigo 77.19. Por máis abastamento, aconséllase aludir a *" fose manipulado con posterioridade á súa fabricación"* (en coherencia co disposto no artigo 60.7 do anteproxecto).

Convén clarexar o alcance do apartado 6 (especialmente o seu último inciso) toda vez que no texto do anteproxecto non se regula a autorización de abatemento de animais domésticos, os cales, conforme ao disposto no artigo 3.2 do anteproxecto, non poderán ser obxecto de caza.

Cómpre perfilar máis os termos da infracción prevista no apartado 7.

No apartado 9 aconséllase clarexar o significado do inciso *"non acollido a outro réxime cinexético especial"*.

No apartado 11 advírtese de que no texto do anteproxecto non se alude á prohibición de introducción de especies alóctonas (remitímonos, neste punto, á recomendación efectuada en relación ao artigo 63 do anteproxecto)..

No apartado 16 aconséllase respectar a dicción literal do artigo 62.2.h) do anteproxecto.

No apartado 17, reitérase a recomendación efectuada en relación co artigo 33.11 do anteproxecto.

En relación coa infracción prevista no apartado 18 semella ser unha reiteración, alomenos en parte, do disposto no artigo 77.19 do anteproxecto. Por máis abastamento, o inciso *"(22 americano)"* non se recolle no artigo 59 do anteproxecto.

Artigo 80.- Prescrición das infraccións

Os prazos de prescrición previstos no apartado 1 coinciden cos contidos no artigo 79.1 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e biodiversidade.

Aconséllase completar o disposto no apartado 4 co último inciso previsto no artigo 132.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, a teor do cal: *"reanudándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivera paralizado máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable."*

O apartado 5 resulta de difícil comprensión toda vez que, no caso de varias infraccións, cada unha delas, desde a perspectiva da prescrición, debería recibir un tratamento independente.

Cuestión distinta sería a regra contida no artigo 4.4 do RD 1398/1993, do 4 de agosto (que debería ter a súa ubicación sistemática en sede de sancións) a teor do cal: *"cando da comisión dunha infración derive necesariamente a comisión doutra ou outras, deberase impoñer unicamente a sanción correspondente á infracción máis grave cometida."*

O disposto no apartado 6 ten unha ubicación sistemática máis correcta no artigo 83 do anteproxecto.

Artigo 81.-Sancións aplicables

No apartado 1.b) deberían clarexarse os supostos nos que se poderá impoñer a sanción de retirada de licenza e inhabilitación para obtela. En todo caso, aconséllase mellorar a redacción do último inciso nos seguintes termos ou similares: *"En todo caso, acordarase a retirada da licenza e a inhabilitación para obtela naqueles supostos nos que se impoña a sanción de multa no seu grao máximo".*

Convén mellorar a sistemática do precepto e, en especial, clarexar a relación entre o disposto no apartado 2 e no apartado 3 xa que este último semella ser unha reiteración, en parte, do disposto no apartado 2.

Ademais, en relación co apartado 3, no inciso inicial debería dicir *"Nos supostos de comisión de infraccións moi graves"* e debería clarexarse o significado dos incisos *"a sanción poderá levar aparellada"*, *"se é o caso"* e *"de acordo coa gravidade da infracción"* (o apartado alude só ás infraccións moi graves) así como clarexar e mellorar a redacción do segundo parágrafo do apartado 3.

Artigo 82.- Criterios para a graduación das sancións

Recoméndase mellorar a redacción do apartado 1 nos seguintes termos ou similares: "As sancións pecuniarias poderán impoñerse en tres graos, mínimo, medio ou máximo, en función dos criterios sinalados no apartado seguinte".

O disposto nos apartados 2.g) e 2.h) semella ser unha reiteración do criterio xeral previsto no apartado 2.b).

En relación co concepto de reincidencia, aconséllase respectar a dicción do artigo 131.3.C) da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Por máis abastamento, recoméndase substituir a expresión *"o*

importe da multa poderá incrementarse" por *"o importe da multa que corresponda impoñer incrementarase"* (neste sentido, se pronuncia o artigo 67.2 da Lei de caza e pesca das Illas Baleares ou o artigo 90.2 da Lei de caza e pesca da Rexión de Murcia).

Resulta de difícil comprensión o criterio previsto no apartado 2.i).

Cómpre clarexar e mellorar a redacción do apartado 3. En especial, a expresión *"excesivamente onerosa"* semella conferir unha excesiva discrecionalidade. Ademais, aconséllase que as circunstancias mencionadas (restauración da situación anterior á comisión da infracción ou reparación do dano causado durante a tramitación do procedemento sancionador) poidan determinar a imposición da sanción no seu grao mínimo pero non alterar o réxime sancionador previsto no artigo 81 do anteproxecto e respectar así plenamente o principio de legalidade en materia sancionadora.

Artigo 83.- Reparación do dano e indemnizacións

A rúbrica do precepto debería recoller de forma completa unha referencia ao seu contido.

Aconséllase mellorar a redacción do apartado 1. Neste sentido podería seguirse a liña do artigo 64.1 da vixente Lei de caza de Galicia, distinguindo con claridade, tal e como fai o artigo 22.1 do RD 1398/1993, entre a reposición ao seu estado orixinario da situación alterada pola comisión da infracción e a indemnización dos danos e perdas.

Convén clarexar a referencia ao expediente independente prevista no apartado 2. Por máis abastamento, debería terse presente o disposto no artigo 22.2 do RD 1398/1993.

No apartado 3 semella que se está a aludir á reposición da situación anterior. O último inciso debería substituirse polo seguinte ou similar: *"situación previa á comisión da infracción"*.

O apartado 4, no caso de seguir a recomendación efectuada respecto do apartado 1, sería innecesario.

Artigo 84.- A prescrición das sancións

Os prazos de prescrición previstos no apartado 1 son coincidentes cos contidos no artigo 79.2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

Recoméndase completar o apartado 3 co último inciso do artigo 132.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, a teor do cal: *"volvendo a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor"*.

Artigo 85.- O expediente sancionador e a súa caducidade

No apartado 1 debería concretarse o alcance da expresión "normativa vixente" (en concreto, aplicación, no non previsto expresamente, da Lei 30/1992, do 26 de novembro e do RD 1398/1993).

No apartado 2 debería precisarse mellor o criterio de determinación da competencia para a incoación do expediente sancionador.

O contido do apartado 3 resulta máis propio do capítulo relativo ás medidas provisionais. Por máis abastamento este precepto non resulta enteramente coincidente co artigo 74.3 do anteproxecto (remitímonos ás recomendacións efectuadas en relación co devandito precepto). En consecuencia, aconséllase que a regulación destas medidas se recolla nun só precepto ou, en todo caso, de xeito homoxéneo.

Recoméndase que no contido mínimo do acordo de incoación se recolla o previsto no artigo 13.1 do RD 1398/1993. Por máis abastamento debería precisar o alcance da expresión *" Valoración das medidas preventivas"* que se recolle no apartado 4.d).

Dada a súa extensión, aconséllase dividir o apartado 5 en varios apartados.

Respecto da previsión da data do acordo de incoación como data de inicio do procedemento sancionador, trátase da postura mantida pola xurisprudencia. Como recorda, entre outras, a STS do 3 de febreiro de 2010:

> *"(...) a data de inicio é a do acordo de iniciación do procedemento, como establece o artigo 11.1 do Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto , polo que se aproba o Regulamento de Procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora, ao indicar que " Os procedementos sancionadores se iniciarán sempre de oficio por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa ou como consecuencia de orde superior, petición razoada doutros órganos ou denuncia " (...)*
>
> *como temos razoado na nosa sentenza de 27 de abril de 2004 (RJ 2004, 3198), o artigo 57.1 da LRXPA dispón que "Os actos das Administracións Públicas (...) producirán efectos desde a data en que se diten ", e ainda que no parágrafo seguinte di que " a eficacia do acto quedará demorada cando así o esixa o contido do acto ou estea supeditada á súa notificación... ", ocorre que nos actos de iniciación dun expediente sancionador o seu contido non esixe a demora da súa eficacia, nin está supeditada á notificación"*

Por outra banda, en relación co parágrafo primeiro do apartado 5, aconséllase suprimir o último inciso substituíndoo polo seguinte ou similar: *"producirase a caducidade deste. A resolución que declare a caducidade ordenará o arquivo das actuacións"* (de conformidade co disposto no artigo 44 da Lei 30/1992, do 26 de novembro).

Polo que respecta ao segundo parágrafo, recoméndase respectar a dicción do artigo 44 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, a teor do cal:

> *"Nos supostos nos que o procedemento se paralizase por causa imputable ao interesado, interrompirase o cómputo do prazo para resolver e notificar a resolución."*

A previsión do terceiro parágrafo do apartado 5 debería acomodarse plenamente ao disposto no artigo 42.6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

En similar sentido, aconséllase que a previsión do último parágrafo do apartado 5 gañe en precisión, recollendo a dicción do artigo 92.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 86.- A presunción de certeza de delito ou falta

O precepto reproduce o disposto no artigo 67 da Lei de caza de Galicia. Non obstante, podería recollerse, de forma máis completa, a previsión do artigo 7 do RD 1398/1993.

No apartado 3 debería aludirse a *"prazo de prescrición da infracción"*.

Artigo 87.- A competencia para a imposición das sancións

En relación co apartado a) reitérase a recomendación en relación coa necesidade de precisar con claridade o criterio de determinación da competencia.

Artigo 88.- Executividade das sancións

Tanto na rúbrica do Capítulo como na do precepto aconséllase aludir á executividade da resolución sancionadora (artigo 138.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro).

No apartado 2 aconséllase respectar a dicción do artigo 138.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 89.- Medios de execución forzosa e as multas coercitivas

A rúbrica do precepto recolle unha reiteración toda vez que, conforme ao disposto no artigo 96.1.c) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, as multas coercitivas son un medio de execución forzosa.

En canto ao contido do artigo, este debe gañar en precisión e claridade xa que adolece dunha confusión entre dous medios de execución forzosa (artigos 97 e 99 da Lei 30/1992, do 26 de novembro). Neste sentido resulta máis clara a redacción do artigo 64.2 da vixente Lei de caza de Galicia (que segue a liña da maioría das leis autonómicas na materia).

Artigo 90.- Creación do Rexistro de Infractores/as de Caza

O precepto reproduce o disposto no artigo 72 da vixente Lei de caza de Galicia.

Debería clarexarse se se trata dun rexistro de nova creación ou do mesmo xa previsto na todavía vixente Lei 4/1997. No caso de que sexa de nova creación, debería precisarse a sorte do previsto na vixente Lei de caza de Galicia.

De ser de nova creación, debería preverse, alomenos, unha remisión a un posterior desenvolvemento regulamentario e os principais aspectos que no devandito regulamento deberanse contemplar (iso sen prexuízo de que no propio precepto legal puidese recollerse unha regulación máis completa, seguindo a liña doutras leis autonómicas na materia como por exemplo ao artigo 62 da Lei de caza e pescas das Illas Baleares ou o artigo 81 da Lei de caza de Cantabria).

Déxima.- Observacións á parte final

Disposición adicional primeira.- Procedementos de ampliación e segregación

Non semella que esteamos ante un precepto de carácter residual polo que se aconsella a súa incorporación ao articulado. De feito, a disposición parece relacionada co previsto no artigo 26 do anteproxecto.

En todo caso, reitérase a recomendación efectuada en relación coa precisión na fixación dos criterios determinantes da competencia.

Disposición adicional segunda.- Exclusión do ámbito competencial da lei

Tanto na rúbrica da disposición como no seu contido aconséllase substituir a expresión *"ámbito competencial"* pola máis precisa *"ámbito de aplicación"*.

Por outra banda, o concepto *"especies daniñas"* debería precisarse máis.

Disposición adicional cuarta.- Sentido do silencio

Aconséllase substituir a expresión *"tácita"* por *"presunta"*. Ademais, aconséllase mellorar a redacción do precepto nos seguintes termos ou similares, seguindo o disposto no artigo 42.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro:

> *"Nos procedementos iniciados a solicitude do interesado previstos nesta lei, o vencemento do prazo máximo sen notificarse resolución expresa lexitima ao interesado ou interesados que deduciran a solicitude para entendela estimada por silencio administrativo, sen prexuízo da resolución que a Administración debe ditar de forma expresa."*

Por máis abastamento debería ponderarse a posible existencia de supostos nos que poderían concorrer razóns imperiosas de interese xeral (aos efectos do previsto no artigo 43.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro). Pénsese, por exemplo, nas autorizacións previstas no artigo 64 do anteproxecto, posto en relación cos artigos 62 e 63. De entender concorrentes tales razóns, deberán explicitarse no expediente.

Disposición adicional quinta

Conforme ás Directrices de técnica normativa, as disposicións nas que se divide a parte final deben levar título.

Convén precisar o alcance da expresión *"o órgano competente"* habida conta dos diferentes órganos aos que se alude no anteproxecto como competentes.

Disposición transitoria primeira.- Explotacións cinexéticas comerciais

O termo *"aprobadas"* debería ser substituido polo de *"declaradas"* ou expresión similar.

Disposición transitoria segunda.- Os TECOR de titularidade compartida e de adhesión ao plan de ordenación cinexética doutro tecor

Debería corrixirse a cita á Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia.

Disposición transitoria terceira.- Os procedementos en tramitación

Resulta de difícil comprensión o último inciso agás que a disposición se estea a referir, en exclusiva, aos procedementos sancionadores (tal e como se prevé, por exemplo, na Disposición transitoria sétima da Lei 4/1997, do 25 de xuño.).

Por máis abastamento, reitérase a recomendación efectuada nas observacións aos artigos 71, 72 e 90 do anteproxecto.

Por máis abastamento, cómpre valorar a conveniencia de incluir un réxime transitorio máis detallado que facilite o tránsito ao novo réxime xurídico previsto en atención aos diferentes cambios introducidos no texto do anteproxecto respecto do réxime actualmente vixente.

Disposición derrogatoria única

Conforme ás Directrices de técnica normativa, as disposicións nas que se divide a parte final deben levar título.

Debemos facernos eco da doutrina elaborada polo Consejo de Estado conforme á cal a disposición derrogatoria ha de ser expresa, completa e terminante. E iso porque as cláusulas derrogatorias, así como as táboas de vixencia, teñen por finalidade dar seguridade xurídica aos aplicadores e para os afectados pola norma.

Conectado co anterior, reiteramos a recomendación efectuada máis arriba en relación coa necesidade de clarexar a sorte que deben correr tanto o Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia (expresamente citado na táboa de vixencias entre as disposicións que serán obxecto de derrogación); o Decreto 17/1983, do 27 de xuño así como as Ordes do 23 de xuño de 2002 e do 1 de xuño de 2007, polas que se regula a sinalización nos terreos cinexéticos e o exame de cazador na Comunidade Autónoma de Galicia, respectivamente.

Disposición final única

Conforme ás Directrices de técnica normativa, as disposicións nas que se divide a parte final deben levar título.

Entre as disposicións finais bótase en falta unha relativa á habilitación ao Consello da Xunta para o desenvolvemento regulamentario da lei (de especial relevancia no presente caso habida conta das numerosas remisións regulamentarias contidas no texto do anteproxecto).

É todo canto se informa sobre o anteproxecto de Lei de caza de Galicia, sen prexuízo doutro mellor criterio fundado en Dereito.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2012

Asesora da Xunta de Galicia

Carmen Mª Salgueiro Moreira

ANEXO:

ÍNDICE

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1. Obxecto e finalidade.

Artigo 2. Acción de Cazar.

Artigo 3. Obxecto da caza.

Artigo 4. Competencia en materia de caza.

Artigo 5. As especies cinexéticas.

Artigo 6. A propiedade das pezas de caza.

Artigo 6. A propiedade das pezas de caza.

TÍTULO II. CLASIFICACION DE TERREOS.

CAPÍTULO I. TERREOS CINEXETICOS E NON CINEXETICOS. DEFINICIÓN.

Artigo 7. Clasificación de terreos.

Artigo 8. Terreos Cinexéticos.

Artigo 9. Terreos Non Cinexéticos.

CAPÍTULO II. TERREOS NON CINEXETICOS.

Artigo 10. Clases.

Artigo 11. Refuxios de fauna.

Artigo 12. A creación de refuxios de fauna.

Artigo 13. Zonas habitadas.

Artigo 14. Áreas industriais.

Artigo 15. Outros terreos non cinexéticos.

CAPÍTULO III. TERREOS CINEXETICOS.

Artigo 16. Clases.

Artigo 17. Terreos cinexéticos sometidos a réxime común. Zonas libres e zonas de exclusión.

Artigo 18. Terreos cinexéticos sometidos a réxime especial.

Artigo 19. Terreo cinexético ordenado (TECOR).

Artigo 20. Procedemento xeral de declaración dun TECOR.

Artigo 21. Obrigas dos/as titulares dun TECOR.

Artigo 22. TECOR de carácter autonómico.

Artigo 23. TECOR de carácter local.

Artigo 24. TECOR de carácter societario.

Artigo 25. TECOR de carácter individual.

Artigo 26. Modificación da base territorial dun TECOR.

Artigo 27. Extinción dos TECOR.

Artigo 28. A facultade de exclusión.

Artigo 29. As reservas de caza.

Artigo 30. Vedados de caza.

Artigo 31. Os terreos cinexéticos deportivos.

Artigo 32. As explotacións cinexéticas comerciais.

Artigo 33. Declaración dunha explotación cinexética comercial.

Artigo 34. Cercados.

Artigo 35. Cercados cinexéticos.

Artigo 36. Zonas de Aclimatación.

CAPÍTULO IV. O EXERCICIO DA CAZA NAS ZONAS DE SEGURIDADE.

Artigo 37. As zonas de seguridade.

CAPÍTULO V. ZONAS DE ADESTRAMENTO E DE CAZA PERMANENTE E A SINALIZACIÓN DOS ESPAZOS CINEXÉTICOS.

Artigo 38. As zonas de adestramento de cans e aves de cetraría.

Artigo 39. Zonas de Caza Permanente.

Artigo 40. A sinalización nos espazos cinexéticos.

TÍTULO III. A ORDENACIÓN E APROVEITAMENTO CINEXÉTICOS.

Artigo 41. A ordenación da caza.

Artigo 42. Plan de Ordenación Cinexético.

Artigo 43. Plan Anual de Aproveitamento Cinexético.

Artigo 44. Desenvolvemento e execución da ordenación.

Artigo 45. Das repoboacións cinexéticas.

Artigo 46. Regulación da tempada anual de caza.

Artigo 47. A Xornada hábil de caza.

TÍTULO IV. O EXERCICIO DA CAZA.

CAPÍTULO I. O/A CAZADOR/A, REQUISITOS, LICENZAS E RESPONSABILIDADE.

Artigo 48. Definición de cazador/a.

Artigo 49. Requisitos para o exercicio da caza.

Artigo 50. Licenzas. Vixencia e clases.

Artigo 51. Das persoas inhabilitadas para obter a licenza.

Artigo 52. Retirada e suspensión de licenza.

Artigo 53. Deberes do/a cazador/a.

Artigo 54. A responsabilidade dos/as cazadores/as.

Artigo 55. A responsabilidade patrimonial polos danos que causan as especies cinexéticas.

Artigo 56. A seguridade nas cacerías.

Artigo 57. Uso e tenza de cans de caza e aves de cetraría.

CAPÍTULO II. AS ARMAS, MUNICIÓNS E DISPOSITIVOS AUXILIARES.

Artigo 58. Armas.

Artigo 59. Armas prohibidas para o exercicio da caza.

Artigo 60. Municións.

Artigo 61. Dispositivos auxiliares.

Artigo 62. Outros instrumentos, medios e procedementos de caza prohibidos.

CAPÍTULO III. PROTECCIÓN DAS PEZAS DE CAZA E AUTORIZACIÓNS ESPECIAIS.

Artigo 63. Protección e conservación das especies de caza.

Artigo 64. Autorizacións especiais.

CAPÍTULO IV. MODALIDADES DE CAZA.

Artigo 65. Modalidades de Caza.

Artigo 66. Competicións cinexéticas.

Artigo 67. A caza con outros fins.

CAPÍTULO V. A VIXILANCIA E O COIDADO DA CAZA.

Artigo 68. A vixilancia da actividade cinexética.

Artigo 69. Os/as gardas de caza.

TÍTULO V. AS ENTIDADES COLABORADORAS E OS ÓRGANOS CONSULTIVOS.

Artigo 70. As entidades colaboradoras.

Artigo 71. Os órganos consultivos e asesores.

Artigo 72. A Xunta de Homologación de Trofeos de Caza.

TÍTULO VI. RÉXIME SANCIONADOR.

CAPÍTULO I. ACTUACIÓNS PREVIAS.

Artigo 73. As denuncias dos/as axentes da autoridade.

CAPÍTULO II. MEDIDAS PROVISIONAIS.

Artigo 74. Medidas provisionais.

Artigo 75. Comisos.

Artigo 76. Retirada e devolución de armas.

CAPÍTULO III. INFRACCIÓNS.

Artigo 77. Infraccións leves.

Artigo 78. Infraccións graves.

Artigo 79. Infraccións moi graves.

Artigo 80. Prescrición das infraccións.

CAPÍTULO IV. SANCIÓNS.

Artigo 81. Sancións aplicables.

Artigo 82. Criterios para a graduación das sancións.

Artigo 83. Reparación do dano e indemnizacións.

Artigo 84. A prescrición das sancións.

CAPÍTULO V. O PROCEDEMENTO E A COMPETENCIA.

Artigo 85. O expediente sancionador e a súa caducidade.

Artigo 86. A presunción de existencia de delito ou falta.

Artigo 87. A competencia para a imposición de sancións.

CAPÍTULO VI. EXECUTIVIDADE DAS SANCIÓNS.

Artigo 88. Executividade das sancións.

Artigo 89. Medios de execución forzosa e as multas coercitivas.

CAPITULO VII. O REXISTRO DE INFRACTORES/AS DE CAZA.

Artigo 90. Creación do Rexistro de Infractores/as de Caza.

Disposicións adicionais:

Disposición adicional primeira. Procedemento de ampliación e segregación.

Disposición adicional segunda. Exclusión do ámbito competencial da lei.

Disposición adicional terceira. Actualización do importe das multas pecuniarias.

Disposición adicional cuarta. Sentido do silencio.

Disposicións transitorias:

Disposición transitoria primeira. Explotacións cinexéticas comerciais.

Disposición transitoria segunda. Os tecores de titularidade compartida.

Disposición transitoria terceira. Os procedementos en tramitación.

Disposición derrogatoria única.

Disposición final única.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Galicia experimentou unha transformación acelerada na súa paisaxe agraria, nos últimos anos. Cambios profundos nas estruturas familiares agrarias, tanto no modo de producir coma nos cultivos agrícolas e forestais, que mudaron dun modo substancial os compoñentes do territorio e polo tanto as condicións dos hábitats, que derivaron no incremento das poboacións dalgunhas especies, en detrimento doutras.

Nestas circunstancias e dado que a superficie cinexética de Galicia comprende máis do 80% do territorio galego, a caza cobra un singular protagonismo, necesario no control de determinadas poboacións de especies silvestres para lograr un equilibrio ecolóxico fundamental no normal desenvolvemento dos ecosistemas naturais. A actividade cinexética transcende da súa condición deportiva e lúdica e gaña peso na súa función social e ambiental.

Ademais diso, a caza móstrase como un instrumento de grande interese para o desenvolvemento económico de amplas zonas do noso territorio, non só pola entidade dos recursos que promove, que poden ser moi elevados, senón porque o fai nun medio social no que resulta especialmente interesante crear riqueza, dadas as poucas alternativas produtivas, e pode poñer freo así ao despoboamento da poboación rural.

Nestes últimos anos fíxose un considerable esforzo para incrementar a calidade da nosa caza e para mellorar os seus hábitats, afondouse no coñecemento e seguimento de varias especies e identificáronse os patróns xenéticos das especies cinexéticas autóctonas, co fin de mellorar as poboacións e con ela a oferta cinexética da nosa comunidade.

A caza menor, maioritaria hai uns poucos anos cedeu protagonismo á caza maior, que crece na afección dos/as cazadores/as galegos/as e atrae progresivamente o interese dos/as cazadores/as foráneos/as.

É un feito constatable que o medio cambiou e as circunstancias nas que se practica a caza tamén, por iso é necesario modificar a normativa que a organiza e ordena.

A Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, aínda que modificada parcialmente pola Lei 6/2006, do 23 de outubro, non puido facer fronte ao conxunto de problemas que formula o exercicio da caza na actualidade. Nestes poucos anos aquela lei envelleceu, o medio experimentou un cambio substancial e con el, a propia actividade cinexética. Actualmente faise necesaria unha lei nova, que non só mellore á anterior senón que ademais saiba adaptarse á realidade que ha de ordenar e que se poña en sintonía con outras disposicións autonómicas, que, salvando as peculiaridades que lles son propias, utilizan instrumentos xurídicos, medios e procedementos similares para atender esixencias que a todas son comúns.

A caza constitúese como un dereito orixinario que teñen todos/as os/as administrados/as, que pode practicarse en todos aqueles lugares nos que non se encontre expresamente prohibido por disposicións legais ou polo exercicio de dereitos privados.

Cando Galicia asumiu as competencias en materia de caza, a través do seu Estatuto de autonomía, fíxoo co designio de orientala non só polos rumbos da nosa tradición cinexética senón tamén, como un instrumento importante para o desenvolvemento rural. Proclamouse a imperiosa necesidade de ordenar a actividade cinexética e de dimensionala de xeito adecuado para posibilitar a súa xestión. Ao longo dos anos en que tivo vixencia a Lei 4/1997 cumpríronse eses obxectivos e da súa man operouse un cambio substancial no mundo da caza galega.

Agora, son outros os obxectivos que han de orientar a ordenación legal da caza.

Os piares básicos nos que se fundamenta esta reforma:

a) Tender cara a unha caza mais ética e responsable.

b) A sostibilidade da caza en harmonía co medio natural no que se desenvolve.

c) A mellora da calidade dos instrumentos de ordenación, como a mellor garantía da sostibilidade.

d) Unha distribución mais xusta da responsabilidade polos danos causados polas especies cinexéticas.

e) A seguridade na actividade cinexética non só para os/as cazadores/as senón tamén para os/as demais usuarios/as do monte.

f) A dinamización económica do mundo rural a través da actividade cinexética.

g) A flexibilidade das normas para a caza de especies de caza maior, no caso de xeración de danos.

h) Un réxime sancionador claro e preciso.

Avógase nesta lei polo exercicio dunha caza máis responsable, máis sostible, máis ética. Especial empeño pon a lei en que a caza se realice en condicións de máxima seguridade, para as persoas e os bens. A esixencia de boas prácticas na caza, que aseguren unha caza sen sobresaltos, pasa de ser unha simple recomendación a converterse nunha esixencia formal da lei.

Refórmase o réxime de aplicación ás zonas de seguridade e faise un esforzo para facelo mais claro e rigoroso para todos/as.

Defínese e conforma a figura do/a cazador/a, como elemento básico na regulación da caza e establécense os seus deberes, que afondan no designio do exercicio responsable da caza.

Acóllense no dereito sancionador condutas antixurídicas novas e cualifícanse como tales, outras que xa aparecían declaradas anteriormente.

Adquire unha significación especial a problemática que provocan os danos que causan as especies silvestres non só no ámbito agrario senón tamén no da circulación viaria. Créase unha figura nova, o Fondo de Corresponsabilidade, expresiva da solidariedade na repartición das cargas que se derivan da responsabilidade polos danos que causan as especies cinexéticas.

Harmonízase o réxime da vixilancia privada, coas demais lexislacións autonómicas.

Incídese dun xeito destacado na regulación da explotacións cinexéticas comerciais, chamadas a ser un instrumento dinamizador da economía rural, co compoñente empresarial que busca na rendibilización dos recursos da caza un medio para o impulso económico do medio rural, xunto a algunhas modificacións que se fixeron na ordenación dos tecores, se ben, por entenderse axeitadas, se respectan as liñas esenciais na ordenación territorial da caza, que no seu día supuxo a transformación dos coutos de caza en tecores.

A lei estrutúrase en cinco títulos, 90 artigos, catro disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria e unha disposición final.

No título I, enúncianse os obxectivos e a orientación á que se ordena a regulación da caza en Galicia.

No título II, insístese no dimensionamento axeitado dos espazos cinexéticos como presuposto básico para a súa xestión. Mantéñense a clasificación dos terreos, con algunha modificación puntual, cal é a de incluír entre os terreos non cinexéticos aos refuxios de fauna, que son pola súa propia natureza, espazos incompatibles coa práctica da caza, sen que iso supoña convertelos en santuarios para todas as especies.

O título III, recolle o interese da lei nunha ordenación tecnicamente rigorosa para a protección e defensa dos valores naturais da caza, afondando nos valores de sostibilidade das poboacións e do medio e da posta en valor da caza como recurso económico.

O título IV acolle cantos elementos congrega a actividade cinexética, ao/á cazador/a, os cans, as aves de cetraría, as armas e as súas municións, a vixilancia na caza e a responsabilidade derivada da caza ou das especies obxecto da acción venatoria. Este título presenta novidades que conveñen salientar, ao definir o/a cazador/a dun xeito pormenorizado e preciso; establecer a prohibición de usos de armas e municións inapropiadas para un exercicio deportivo e cabal da caza; pon especial empeño na seguridade na caza, para que o seu exercicio non sexa causa de

problemas para os/as propios/as cazadores/as, así como para outras persoas ou para os seus bens. As normas de seguridade na caza pasan de ser recomendacións a converterse en obrigas legais. Establécese a responsabilidade persoal do/a cazador/a polos danos que puidese causar durante o desenvolvemento da acción de caza. Os/as titulares dos dereitos cinexéticos, manteñen a responsabilidade polos danos que causan as especies cinexéticas, pero, no marco das competencias propias da comunidade autónoma galega, a lei reclama unha repartición máis equilibrada e equitativa desta responsabilidade patrimonial e anuncia a creación dun fondo de corresponsabilidade para ese fin. Dáse un cambio importante no que respecta á vixilancia privada na caza, á que se incentiva dende os poderes públicos e se lle recoñece a súa transcendental importancia para a xestión técnica da caza e que haberán de asumir responsablemente os/as titulares cinexéticos segundo as súas propias necesidades.

No Título V recolle e estrutura a necesaria participación dos sectores sociais en todo canto concirne ao mundo da caza da nosa comunidade.

No Título VI regúlase o réxime sancionador, sinalándose como principal novidade un aumento no cómputo dos prazos de prescrición, o establecemento dun completo catálogo de medidas cautelares, o incremento de tipos infractores e a posibilidade de graduar a sanción por tramos.

Artigo 1. Obxecto e finalidade.

Esta Lei ten por obxecto regular o exercicio da caza na Comunidade Autónoma de Galicia coa finalidade de protexer, conservar, fomentar e aproveitar ordenadamente os seus recursos cinexéticos de xeito compatible co equilibrio natural e cos distintos intereses afectados.

Artigo 2. Acción de Cazar.

1. Para os efectos desta lei considérase acción de cazar a exercida para buscar, perseguir ou agardar a chegada das pezas de caza cuxa finalidade sexa capturar ou abater estas, ou facilitar a súa captura por un/unha terceiro/a, con instrumentos e medios permitidos.

2. Non se considera acción de cazar as accións preparatorias das cacerías, realizadas sen armas, nas modalidades colectivas de caza maior, o adestramento de cans e o voo libre das aves en cetraría.

Artigo 3. Obxecto da caza.

1. Son obxecto da caza os exemplares pertencentes ás especies que se declaren como cinexéticas, que dende ese momento terán a condición de pezas de caza.

2. Os animais domésticos, en tanto mantéñanse nesa condición, non poderán ser obxecto da caza.

Artigo 4. Competencia en materia de caza.

A planificación, ordenación, fomento, vixilancia e control da caza corresponderalle á Consellería competente en materia de caza, a cal realizará cantas actuacións considere precisas para alcanzar os obxectivos desta Lei.

Artigo 5. As especies cinexéticas.

1. Son especies cinexéticas as declaradas obxecto de caza mediante Orde da persoa titular da consellería competente en materia de caza.

2. Para os efectos de planificación, ordenación e aproveitamento cinexéticos, as especies de caza clasificaranse en dous grandes grupos:

a) Especies de caza maior

b) Especies de caza menor.

Artigo 6. A propiedade das pezas de caza.

1. Cando a acción de cazar se axuste ás prescricións desta Lei, o/a cazador/a adquire a propiedade das pezas de caza mediante a ocupación. Entenderanse ocupadas as pezas de caza dende o momento da súa morte ou captura.

2. O/a cazador/a que fira a unha peza de caza dentro dun terreo onde lle estea permitido cazar, ten dereito a cobrala aínda que entre en terreos de titularidade allea, sempre que fose visible dende o linde, debendo entrar a cobrala coa arma descargada, e cos cans atados.

3. En terreos cinexéticos acoutados abertos, e para pezas de caza maior, non será necesario consentimento do/a titular do dereito cinexético do terreo, sempre que aquela dea rastro de sangue, e o/a cazador/a entre a cobrar a peza cos cans atados e coa arma descargada. Cando o terreo alleo estivese cercado ou no caso de que a peza non fose visible dende o linde, o/a cazador/a necesitará autorización do/a titular do dereito cinexético do terreo para entrar a cobrala. O/a que se negase a conceder o seu consentimento para o acceso estará obrigado/a a entregar a peza ferida ou morta, sempre que fose achada e puidera ser aprehendida.

4. Cando un/unha ou varios/as cazadores/as levantasen e perseguisen unha peza de caza, calquera outro/a cazador/a deberá absterse, en tanto dure a persecución, de abater ou intentar abater a devandita peza.

5. Entenderase que unha peza de caza é perseguida cando o/a cazador/a que a levantou, con ou sen axuda de can ou outros medios, vaia no seu seguimento e teña unha razoable posibilidade de cobrala.

6. Na acción de cazar, cando haxa dúbidas respecto da propiedade das pezas de caza, aplicaranse os usos e costumes do lugar. No seu defecto, o dereito de propiedade sobre a peza cobrada corresponderá ao/á cazador/a que lle tivese dado morte, se se trata de pezas de caza menor, e ao/á autor/a do primeiro sangue, cando se trate de pezas de caza maior.

7. A propiedade dos trofeos de caza maior procedentes de exemplares encontrados mortos corresponde ao/á titular dos dereitos cinexéticos onde se acharen.

8. Todos os animais de caza maior, que sexan abatidos, deberán ser identificados do xeito que se estableza regulamentariamente.

TÍTULO II

CLASIFICACIÓN DE TERREOS

CAPITULO I

TERREOS CINEXÉTICOS E NON CINEXÉTICOS. DEFINICIÓN

Artigo 7. Clasificación de Terreos.

Para os efectos da presente Lei, os terreos clasifícanse en terreos cinexéticos e terreos non cinexéticos.

Artigo 8. Terreos Cinexéticos.

1. Son terreos cinexético aqueles nos que está permitido o exercicio da caza.

2. A declaración de terreos cinexéticos ten como finalidade o aproveitamento ordenado e sostible das especies cinexéticas, asegurando a súa protección e fomento.

Artigo 9. Terreos non Cinexéticos.

1. Son terreos non cinexéticos aqueles nos que por expresa declaración desta lei ou por resolución administrativa, se estableza a prohibición de cazar.

2. Nos devanditos terreos, a Administración competente en materia de caza poderá executar controis de poboación ou autorizar o exercicio excepcional da caza por razóns técnicas, de seguridade, científicas, sanitarias ou sociais.

CAPÍTULO II

TERREOS NON CINEXÉTICOS

Artigo 10. Clases

Para os efectos da presente lei, os terreos non cinexéticos clasifícanse en:

a) Os refuxios de fauna.

b) Zonas habitadas.

c) Áreas industriais.

d) Outros terreos non cinexéticos, que sexan declarados como tales.

Artigo 11. Refuxios de fauna

1. Son refuxios de fauna os terreos que queden subtraídos ao aproveitamento cinexético por razóns de carácter biolóxico, científico ou educativo, co fin de asegurar a conservación de determinadas especies da fauna silvestre.

2. Nestas áreas, a caza estará permanentemente prohibida, sen prexuízo de que por circunstancias especiais, suficientemente xustificadas, a persoa titular da dirección xeral competente en materia de caza acorde a súa autorización para especies e en circunstancias determinadas.

Artigo 12. A creación de refuxios de fauna.

1. A creación de refuxios de fauna poderase promover de oficio pola Administración Pública Galega. O expediente iniciarase a instancia do Servizo competente en materia de caza da xefatura territorial correspondente na que se xustifique a conveniencia da súa creación, atendendo ás necesidades de conservar e fomentar as poboacións de especies de fauna silvestre suxeitas a un especial réxime de protección.

2. A creación de refuxios de fauna silvestre tamén se poderá promover a instancia de entidades públicas e privadas cuxos fins sexan culturais, deportivos, científicos ou medioambientais, acompañando á solicitude unha memoria xustificativa da súa conveniencia e finalidade.

3. Corresponde á Consellería competente en materia de caza, a tramitación do procedemento para a creación dos refuxios de fauna. Sen prexuízo do seu ulterior desenvolvemento regulamentario, no procedemento de creación haberá de figurar en todo caso, un trámite de información pública. A creación dun refuxio de fauna efectuarase mediante Orde da persoa titular da Consellería competente en materia caza.

4. A modificación dos límites e calquera outras determinacións propias da creación do refuxio de fauna silvestre, ou a súa supresión, tramitarase polo procedemento establecido para a súa creación.

5. Os Terreos Cinexéticamente Ordenados (TECORES) afectados pola declaración dunha parte do seu territorio como refuxio de fauna, non perderán tal condición se por causa desta, visen reducido o seu territorio por debaixo da superficie mínima esixida para a súa declaración como Terreo Cinexéticamente Ordenado, nos termos establecidos no art. º 19.3 da presente Lei.

Artigo 13. Zonas habitadas.

Considéranse zonas habitadas os núcleos de poboación urbanos e rurais, os parques urbans e periurbáns de recreo, os aeroportos e os lugares de acampada permanente.

Artigo 14. Áreas industriais.

Considéranse áreas industriais os terreos ocupados polas industrias ou fábricas, as instalacións agropecuarias e forestais, os invernadoiros, as canteiras e calquera outro asentamento de carácter industrial mentres manteña a súa actividade. Exclúense da consideración de área industrial os parques eólicos.

Artigo 15. Outros terreos non cinexéticos.

1. A Consellería competente en materia de caza, por razón da seguridade das persoas ou dos seus bens ou do interese xeral, poderá declarar, de oficio ou a petición dos/as interesados/as, como non cinexético os terreos que pola súa circunstancia o requiran. Estes terreos deberán ser debidamente sinalizados pola Consellería competente en materia de caza cando a declaración sexa de oficio ou polo/a interesado/a cando sexa a petición de este/a.

2. Regulamentariamente determinarase o procedemento de declaración dun terreo como non cinexético a que se refire o apartado anterior.

CAPÍTULO III

TERREOS CINEXÉTICOS

Artigo 16. Clases

Os terreos cinexéticos clasifícanse en:

1. Terreos sometidos a réxime común.

2. Terreos sometidos a réxime especial.

Artigo 17. Terreos cinexéticos sometidos a réxime común. Zonas libres e zonas de exclusión.

1. Os terreos sometidos a réxime cinexético común son aqueles espazos nos que o exercicio da caza pode realizarse por todos/as os/as cazadores/as sen mais limitacións que as establecidas nesta lei.

2. Compréndense dentro destes terreos todos aqueles terreos cinexéticos que non estean sometidos ao réxime especial previsto nesta lei.

3. Os terreos cinexéticos sometidos a réxime común, clasifícanse nas seguintes categorías:

a) As Zonas Libres

b) As zonas de Exclusión

4. As Zonas Libres, son aqueles terreos que presenten unha superficie superior a 500 has. continuas, nos que está permitido o exercicio da caza, sen mais limitacións que as establecidas nesta lei e nas disposicións que a desenvolven. A xestión cinexética destes terreos corresponde á Xunta de Galicia.

5. As Zonas de Exclusión son aqueles terreos que presenten unha superficie inferior a 500 has., nos que o exercicio da caza está prohibido, sen prexuízo de que por circunstancias especiais, a persoa titular da dirección xeral competente en materia de caza acorde a súa autorización para especies e en circunstancias determinadas.

Artigo 18. Terreos cinexéticos sometidos a réxime especial.

1. Os terreos cinexéticos sometidos a réxime especial son aqueles nos que o exercicio da caza está limitado aos/ás que ostentan a titularidade cinexética sobre estes, con exclusión de todos/as os/as demais. Para os efectos desta lei enténdese por titularidade cinexética aquela que reserva o dereito ao exercicio da caza nun ámbito territorial determinado a unha persoa, xa sexa física ou xurídica.

2. Os terreos cinexéticos sometidos a réxime especial divídense nas seguintes categorías:

a) Terreo cinexético ordenado (TECOR).

b) Reservas de caza.

c) Terreos cinexético-deportivos.

d) Explotacións cinexéticas comerciais.

Artigo 19. Terreo cinexético ordenado (TECOR).

1. TECOR é toda superficie continua de terreos, susceptible de aproveitamento cinexético especial, que fose declarada e recoñecida como tal, mediante resolución do titular da Consellería competente en materia de caza, e na que a poboación cinexética ha de estar protexida e fomentada, aproveitándose de forma ordenada.

2. Nos TECOR, o exercicio do dereito de caza corresponderá aos/ás titulares do dereito cinexético dos terreos e ás persoas autorizadas por aqueles/as.

3. Para a constitución dun TECOR haberá de acreditarse a titularidade cinexética dunha superficie mínima e continua de dúas mil hectáreas, polo período polo que se solicite a duración do TECOR, que en ningún caso será menor de dez anos.

4. A declaración e recoñecemento dun TECOR esixe contar coa titularidade cinexética dos terreos. Si o/a titular do Tecor require a cesión dos dereitos cinexéticos, esta terá unha duración mínima de dez anos e máxima de 25 anos. Ao cabo do período de cesión dos dereitos cinexéticos, se non se presentase reclamación para recuperar a titularidade sobre estes, entenderanse prorrogados de forma indefinida. En calquera momento, aqueles/as titulares de dereitos cinexéticos cuxa cesión fose prorrogada de forma indefinida por aplicación do presente artigo, poderán obter a segregación dos seus terreos do TECOR mediante o procedemento que regulamentariamente se estableza.

5. Os TECOR poderán ser de titularidade pública, societaria ou particular, segundo promovan a súa constitución as Administracións Públicas, as sociedades ou asociacións de cazadores/as legalmente constituídas, as persoas físicas ou outras xurídicas de carácter particular. En función da quen corresponda a titularidade dos TECOR, poderán ser autonómicos, municipais, societarios e individuais.

6. A declaración dos terreos cinexéticos como TECOR leva inherente a favor do/a seu/súa titular, a reserva do dereito de caza de todas as especies cinexéticas, que se encontren neste e, consecuentemente, a titularidade dos dereitos e obrigas que, de conformidade coa presente lei, se deriven do devandito aproveitamento cinexético.

7. Para o exercicio da caza nos TECOR será necesario ser titular do Tecor ou contar co permiso correspondente, expedido polo/a titular do propio TECOR.

8. O réxime cinexético especial dos TECOR manterase, non obstante a perda de dereitos cinexéticos sobre determinados terreos que o integren, sempre que a superficie restante non sexa inferior á mínima sinalada no apartado 3. do presente artigo e non perda continuidade.

9. Calquera cambio na titularidade cinexética da totalidade ou parte dos terreos comprendidos no TECOR haberá de ser comunicado á Administración no prazo e condicións previstos regulamentariamente.

10. A Administración pública fomentará as unións territoriais de TECORES.

11. En todo caso, as medidas de protección, conservación e fomento da riqueza cinexética regularanse a través dos correspondentes plans de ordenación e de aproveitamento cinexético, que haberán de ser aprobados pola persoa titular da xefatura territorial correspondente competente en materia de caza.

Artigo 20. Procedemento xeral de declaración dun TECOR.

1. A declaración dun TECOR iniciase por medio dunha solicitude do/a interesado/a á que haberán de acompañarse os documentos acreditativos da titularidade cinexética dos terreos e a especificación da súa superficie e os seus lindes, así como unha memoria coas directrices básicas do plan de ordenación cinexética.

2. O procedemento de declaración dos TECOR incluirá, en todo caso, un trámite de información pública, por un prazo de dous meses, no cal os/as propietarios/as dos terreos afectados ou titulares doutros dereitos, que leven consigo o seu aproveitamento cinexético, poderán efectuar as alegacións que consideren pertinentes.

3. Unha vez iniciado o procedemento de declaración dos TECOR e acreditado o cumprimento do previsto nos apartados 1 e 2 do presente artigo, o/a titular da Consellería competente en materia de caza, outorgará unha aprobación provisional para que no prazo máximo de catro meses se adopten as medidas que se sinalen nesta. Se non se adoptasen esas medidas no citado prazo, quedará sen efecto a aprobación provisional.

4. Durante o prazo contemplado no apartado anterior non poderá realizarse aproveitamento cinexético ningún.

5. Unha vez presentado o plan de ordenación cinexética, así como o plan anual de aproveitamento cinexético, realizada a sinalización regulamentariamente esixida e adoptadas cantas medidas se sinalaran na resolución de aprobación provisional, o/a titular do servizo competente en materia de caza da xefatura territorial correspondente emitirá certificación do seu cumprimento e o/a titular da Consellería competente en materia de caza declarará constituído o TECOR no prazo máximo de dous meses dende da emisión da certificación. Transcorrido o prazo citado, sen que tivese mediado declaración administrativa ao respecto, entenderase autorizada.

Ata que se dite resolución expresa declarando o TECOR ou, no seu defecto, ata que transcorra o prazo para entenderse autorizada a solicitude manterase a prohibición de realizar actividade cinexética algunha.

6. O plan de ordenación cinexético terá unha vixencia mínima de 5 anos. Non obstante, os TECORES que voluntariamente quixeran revisalo, poderán solicitar a súa revisión en calquera momento, antes de que finalice o seu período de vixencia.

7. Ao vencemento do prazo de vixencia do TECOR, se houbese reclamación para recuperar a titularidade cinexética, os/as titulares deste poderán iniciar o procedemento de renovación, segundo se estableza regulamentariamente.

8. O procedemento de renovación do TECOR haberá de constar polo menos dun trámite de información pública.

Artigo 21. Obrigas dos/as titulares dun TECOR.

Os/as titulares dun TECOR están obrigados a:

1. Cumprir as condicións establecidas nas resolucións de declaración do TECOR.

2. Axustarse ao Plan de Ordenación Cinexética e aos Plans de Aproveitamento Cinexético, de obrigado cumprimento unha vez aprobados pola Consellería competente.

3. Proporcionar a información sobre a execución do contido dos plans, previsto no artigo 44º desta Lei.

4. Dotar aos devanditos terreos da sinalización prevista na presente Lei.

5. Colaborar coa Administración Pública na protección e fomento da fauna cinexética, subministrando os datos estatísticos que aquela lle solicite, realizando os controis sobre as especies susceptibles de captura, poñendo en coñecemento da Consellería competente en materia de caza a aparición de epizootias e adoptando as medidas sanitarios establecidos.

6. Responder da organización e correcta execución das actividades cinexéticas que leven a cabo.

7. Solicitar con antelación e do modo que regulamentariamente se determine, a celebración das actividades cinexéticas, e velar para que se cumpran as condicións impostas na autorización.

8. Calquera outras establecidas ou que se establezan pola Consellería competente en materia de caza.

Artigo 22. TECOR de carácter autonómico.

1. A Administración autonómica poderá ser titular dun TECOR co fin de garantir o ordenado aproveitamento das especies cinexéticas e de favorecer o acceso dos/as cazadores/as galegos/as á actividade cinexética.

2. Os TECOR autonómicos constituiranse sobre terreos de titularidade cinexética da Comunidade Autónoma ou sobre terreos de aproveitamento cinexético común, no modo en que regulamentariamente se estableza.

3. O aproveitamento cinexético dos TECOR autonómicos poderán ser xestionados directamente pola Administración autonómica competente en materia de caza ou por medio de sociedades ou asociacións de cazadores/as ás que se adxudique o devandito aproveitamento polo procedemento que se estableza regulamentariamente.

Artigo 23. TECOR de carácter local.

1. Os Concellos ou entidades locais menores poderán solicitar ao seu favor a declaración de TECOR, sempre que acrediten documentalmente polo menos a titularidade cinexética do 75% dos terreos para os que se solicite a devandita declaración e non estean sometidos a outro réxime especial.

2. Presumirase a cesión da titularidade do resto da superficie solicitada, que se incluirá no TECOR en tanto os/as propietarios/as ou titulares cinexéticos/as dos terreos non manifesten expresamente e por escrito, a súa negativa á integración neste, no correspondente trámite de información pública.

3. Os Concellos ou entidades locais menores solicitantes da declaración ao seu favor dun determinado territorio como TECOR haberán de acompañar a súa solicitude:

a. A acreditación da titularidade dos dereitos cinexéticos, en caso de cesión de terceiros/as, esta deberá de estar asinada polos/as seus/súas titulares e con especificación da superficie do terreo, polígono, parcela e o prazo de cesión.

b. O plano de localización a escala adecuada para a localización do terreo e dos seus lindes.

c. A memoria coas directrices básicas do plan de ordenación cinexética.

4. Dous ou máis municipios poderán agruparse e solicitar mancomunadamente a declaración ao seu favor dun tecor de carácter local.

5. O aproveitamento cinexético dos TECOR municipais poderá xestionarse directamente polo Concello ou ben mediante unha sociedade ou asociación de cazadores/as legalmente constituída, á cal se lle ceda ou adxudique dito aproveitamento.

6. Esta cesión do aproveitamento a unha sociedade ou asociación de cazadores/as realizarase de acordo coa lexislación de réxime local e por prazo non superior ao indicado na resolución de declaración do TECOR.

7. Os pregos de condicións de adxudicación destas cesións haberán de conter, ademais dos requisitos esixidos pola súa lexislación específica, prescricións especiais relativas aos dereitos dos/as propietarios/as que ceden a título gratuíto os dereitos cinexéticos das súas terras, aos/ás veciños/as e as reservas de permisos para cazadores/as foráneos/as.

Artigo 24. TECOR de carácter societario.

1. As sociedades ou asociacións de cazadores/as legalmente constituídas poderán solicitar ao seu favor a declaración de TECOR sempre que acrediten, polo menos, a titularidade cinexética do 75% dos terreos, para os que se pretenda a declaración.

2. Presumirase a cesión da titularidade do resto da superficie solicitada, que se incluirá no TECOR, en tanto os/as titulares cinexéticos/as dos terreos incluídos na solicitude non manifesten expresamente e por escrito a súa negativa á integración no correspondente trámite de información pública.

3. As asociacións ou sociedades de cazadores/as que soliciten a declaración ao seu favor dun determinado territorio como TECOR societario haberán de acompañar á súa solicitude:

a) A acreditación da titularidade dos dereitos cinexéticos, en caso de cesión de terceiros/as, esta deberá de estar asinada polos/as seus/súas titulares e con especificación da superficie do terreo, polígono, parcela e o prazo de cesión.

b) Os planos de localización a escala adecuada para a localización do terreo e dos seus lindes.

c) A memoria coas directrices básicas do plan de ordenación cinexética.

d) A documentación acreditativa da constitución e o legal funcionamento da sociedade ou asociación.

e) A copia autenticada dos Estatutos en vigor legalmente aprobados.

Artigo 25. TECOR de carácter individual.

1. As persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares de dereitos cinexéticos dunha superficie continua mínima de 2.000 hectáreas poderán solicitar a declaración desta como TECOR de carácter individual.

2. Deberá acreditarse documentalmente a titularidade e cesión de dereitos cinexéticos sobre a totalidade do terreo, especificando que se ceden para un TECOR de carácter individual.

3. Na constitución dos TECOR de carácter individual non será de aplicación a presunción de cesión de titularidade cinexética establecida no artigo 24.2 desta Lei.

Artigo 26. Modificación da base territorial dun TECOR.

1. A ampliación do ámbito territorial dun TECOR só será efectiva a partir da tempada hábil xeral de caza, posterior á data de notificación da resolución administrativa correspondente.

2. As modificacións dos límites dun TECOR que se produzan con posterioridade a aprobación dun novo Plan de Ordenación Cinexético e que superen o 15% da súa base territorial, requirirán a aprobación dun novo plan de ordenación cinexético.

Artigo 27. Extinción dos TECOR.

Os TECOR poden extinguirse polas seguintes causas:

a) Falecemento ou extinción da personalidade xurídica do/a titular.

b) Renuncia do/a titular.

c) Resolución administrativa recaída en procedemento sancionador.

d) Expiración do prazo polo que se tiver constituído ou prorrogado.

e) Perda da titularidade sobre a superficie mínima esixida.

f) Inviabilidade do exercicio ordenado e sostible da actividade cinexética.

g) Constitución doutro réxime cinexético que determine a súa incompatibilidade coa subsistencia do TECOR.

h) Por incumprimento grave das condicións ou prohibicións establecidas na correspondente autorización, logo de audiencia do/a interesado/a.

Artigo 28. A facultade de exclusión.

1. Os/as titulares dos terreos que non cederon o dereito de aproveitamento cinexético de xeito expreso a favor do TECOR, conservan o seu pleno dereito a prohibir que se practique a caza nos devanditos terreos.

2. O exercicio da facultade de exclusión dun terreo para a práctica da caza, entenderase expresado de modo manifesto pola colocación de sinais perfectamente visibles, unhas doutras, que prohiban a entrada a estes, con carácter xeral ou para a práctica da caza, en particular, colocadas no perímetro ou nos accesos practicables do respectivo terreo.

Artigo 29. As Reservas de Caza.

1. Son Reservas de Caza aqueles espazos declarados por Decreto da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería competente en materia de caza, en núcleos que presentan excepcionais posibilidades cinexéticas coa finalidade de promover, conservar, fomentar e protexer determinadas especies cinexéticas e os seus hábitats, subordinando o seu posible aproveitamento á devandita finalidade e, no seu caso, á crianza para repoboar de forma natural outros terreos cinexéticos.

2. A titularidade cinexética das Reservas de Caza corresponde á Xunta de Galicia. A súa administración corresponde á Consellería con competencia en materia de caza e a súa xestión cinexética á Dirección Xeral competente en materia de caza, que asegurará o seu aproveitamento racional a través dun Plan de Ordenación e de Plans Anuais de Aproveitamentos Cinexéticos.

3. A compensación á que teñan dereito os propietarios dos terreos pola privación do aproveitamento cinexético destes ao ser adscritos a unha reserva de caza, realizarase mediante un canon de compensación, consistente nunha cantidade económica ou unha cota de capturas ou accións cinexéticas equivalente.

4. Regulamentariamente establecerase o réxime organizativo e de funcionamento que incorporará, en todo caso, un/unha director/a técnico/a e unha xunta consultiva na que estarán representados/as de forma equilibrada as persoas ou entidades con intereses afectados. Así

mesmo, determinarase o procedemento de cálculo e repartición da compensación á que se refire o apartado anterior.

Artigo 30. Vedados de caza.

1. Os vedados de caza son aquelas superficies de terreo, integradas dentro dun TECOR, que constitúen un reservorio da fauna cinexética, para fomentar determinadas especies e protexelas da acción da caza, nos cales con carácter xeral prohíbese o exercicio da caza.

2. A superficie mínima destes espazos será a dun dez por cento da superficie total do TECOR, que poderá repartirse en varios espazos menores, que en ningún caso poderán ser dunha extensión menor ás 50 ha., cada un. A situación e condicións destes vedados haberán de ser a que resulte máis idónea para asegurar os obxectivos para os que se crean.

3. Os vedados cinexéticos poderán ser obxecto de xestión cinexética polo/a titular do TECOR de xeito tal, que o xefe territorial competente en materia de caza poderá autorizar a práctica de actividades cinexéticas cando estas sexan compatibles cos instrumentos de ordenación aplicables e faciliten a consecución dos obxectivos para os que o vedado foi creado.

Artigo 31. Os terreos cinexéticos deportivos.

1. Terán a condición de terreos cinexéticos deportivos aquelas áreas do territorio en que poida practicarse a caza de conformidade coa lexislación específica que regule as prácticas deportivas.

2. A federación de caza, as sociedades e as asociacións constituídas ao abeiro da lexislación do deporte poderán solicitar a declaración de terreo cinexético-deportivo, para practicar neste a caza cun exclusivo carácter deportivo, exento de calquera ánimo de lucro. En ningún caso a actividade ou os seus resultados poderán ser obxecto de venda ou comercialización.

3. Os/as solicitantes deberán acreditar a titularidade cinexética do 75 % dos terreos e dispoñer de terreos continuos cuxa superficie mínima e máxima sexa de 50 e 250 hectáreas. A

administración e xestión cinexética destes terreos realizarase directamente pola entidade titular, que informará periodicamente á Consellería competente na materia de caza, do calendario de probas, modalidades e calquera outros requisitos que se determinen regulamentariamente.

Artigo 32. As explotacións cinexéticas comerciais.

1. Para os efectos da presente Lei, terán a consideración de explotacións cinexéticas comerciais aquelas que se constitúan por empresas mercantís para o aproveitamento cinexético duns terreos.

2. As explotacións cinexéticas comerciais que se refiran a especies de caza menor exclusivamente, deberán sempre ser abertas.

3. As explotacións cinexéticas comerciais que se refiran a especies de caza maior poderán ser abertas ou cercadas, nestas explotacións poderá compatibilizarse o aproveitamento cinexético de caza menor e maior.

Artigo 33. Declaración dunha explotación cinexética comercial.

1. A declaración de Explotación Cinexética Comercial corresponde ao/á titular da Consellería competente en materia de caza, previa solicitude do/a interesado/a, acreditación da titularidade cinexética dos terreos que sirvan de base territorial a esta por un período mínimo de 10 anos e presentación dun Plan de viabilidade empresarial da explotación cinexética.

2. O/a titular da Consellería competente en materia de caza disporá dun prazo de seis meses, contados a partir da presentación da solicitude, para resolver a petición e en todo caso o silencio será negativo. A Consellería competente poderá denegar a solicitude por razóns debidamente motivadas, cando razóns de índole técnico, sanitario, biolóxico ou social así o recomenden.

3. Para autorizar unha explotación cinexética comercial é imprescindible contar coa titularidade cinexética da totalidade dos terreos, en superficie continua, sobre os que pretende constituírse.

Cando estas autorizacións afecten a espazos naturais protexidos, o/a promotor/a haberá de presentar un proxecto para os efectos de que o órgano ambiental decida en cada caso, de forma motivada, se os devanditos proxectos han de someterse ou non a unha avaliación de impacto ambiental.

En todo caso, na documentación coa que se acredite o dereito ao desfrute do aproveitamento cinexético deberá constar expresamente o coñecemento dos fins e características deste tipo de espazos e o consentimento para a súa constitución dos/as titulares cinexéticos/as dos terreos ou un instrumento xurídico que acredite a titularidade propia do dereito de aproveitamento cinexético sobre os devanditos terreos.

4. Os cambios que se produzan na titularidade das explotacións cinexéticas haberán de ser autorizados polo/a titular da Consellería competente en materia de caza.

5. A superficie mínima para poder autorizar este tipo de explotacións é de cen hectáreas, se se dedican a caza menor, e de cincocentas hectáreas cando o obxecto da explotación sexa a caza maior.

6. O aproveitamento das explotacións cinexéticas comerciais rexerase, ademais de pola presente Lei, pola lexislación mercantil e civil que lle resulte aplicable.

7. Os/as titulares das explotacións cinexéticas comerciais nas que se practique exclusivamente a caza sobre especies silvestres, ou de forma simultánea sobre especies procedentes de granxas e especies silvestres, haberán de elaborar un Plan de Ordenación Cinexética, así mesmo, todas as explotacións cinexéticas comerciais haberán de elaborar anualmente un Plan Anual de Aproveitamento Cinexético. Regulamentariamente determinaranse o procedemento para a presentación e aprobación dos devanditos Plans.

8. Os/as titulares das explotacións cinexéticas deberán xustificar anualmente ante o órgano administrativo competente en materia de caza o cumprimento da ordenación cinexética vixente en cada momento e a realidade da súa actividade económica, mediante unha memoria económica e a acreditación das contas anuais.

9. A caza poderá exercitarse durante todo o ano sobre animais procedentes de granxas cinexéticas ou doutros establecementos autorizados, tales como parques de voo, cercados de aclimatación, biótopos, etc., de conformidade cos plans establecidos e previamente aprobados pola Consellería competente en materia de caza, respectando en todo caso os tres meses de maior sensibilidade para a cría das especies silvestres, nos que o exercicio da caza estará prohibido.

10. Os/as titulares destas explotacións haberán de sinalizalas conforme á normativa regulamentaria, que para tal efecto se dite, e, en todo caso, están obrigados a sinalizar os terreos que se encontren dentro do perímetro da explotación e dos que non se dispoña de autorización expresa dos/as seus/súas titulares, para o seu aproveitamento cinexético.

11. As explotacións cinexéticas comerciais estarán obrigadas á subscrición dun seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos derivados da súa actividade.

12. Os/as titulares de explotacións cinexéticas comerciais deberán nomear un/unha organizador/a para cada cazaría colectiva que se realice dentro do seu ámbito de actuación, que terá a condición de responsable da cazaría para os efectos do art.º 54.3 da presente Lei.

13. Por vía regulamentaria determinaranse as condicións ás que deberá suxeitarse a actividade das explotacións cinexéticas, así como o procedemento de extinción.

Artigo 34. Cercados.

1. Enténdese por cercado, para os efectos desta lei, o terreo que se encontre rodeado materialmente por muros, cercas ou valados, construídos co fin de impedir ou prohibir, o acceso ás persoas ou a animais alleos ou para evitar a saída dos propios.

2. Os terreos cercados clasifícanse nas seguintes categorías:

a) Cercados Cinexéticos.

b) Zonas de Aclimatación.

Artigo 35. Cercados Cinexéticos.

1. Os Cercados Cinexéticos son aquelas instalacións que están integrados dentro dun TECOR ou dunha explotación cinexética comercial e que se destinan a impedir o tránsito das especies cinexéticas de caza maior. O seu obxectivo non será albergar exemplares para o repoboación.

2. Os Cercados Cinexéticos poderán ser de aproveitamento e de protección, e o seu réxime virá determinado regulamentariamente.

3. Os Cercados Cinexéticos terán unha superficie mínima de 500 hectáreas e terán a consideración de explotación gandeira para os efectos da normativa reguladora de sanidade animal.

4. A construción dun Cercado Cinexético non exime o/a interesado/a da obriga de respectar as servidumes de paso ou de calquera outra natureza, xa sexan estas públicas ou privadas.

5. En ningún caso, o cerramento material do terreo poñerá en risco ou perigo ás persoas ou animais silvestres e será respectuoso co ámbito natural, dende o punto de vista do impacto ecolóxico.

6. Regulamentariamente desenvolverase o procedemento de autorización, as características e requisitos dos Cercados Cinexéticos así como os casos en que proceda a supresión destes co obxecto de promover maiores unidades de aproveitamento e mellorar as condicións de vida dos animais.

Artigo 36. Zonas de Aclimatación.

1. As Zonas de Aclimatación son aqueles terreos cercados, que están integrados dentro dun TECOR ou dunha explotación cinexética comercial, e que se destinan a impedir o tránsito das especies cinexéticas de caza maior e menor co único obxecto de servir a súa repoboación.

2. A instalación dunha Zona de Aclimatación non exime o/a interesado/a da obriga de respectar as servidumes de paso ou de calquera outra natureza, xa sexan estas públicas ou privadas.

3. En ningún caso, o cercado material da Zona de Aclimatación poñerá en risco ou perigo ás persoas ou animais silvestres e procurase ser respectuoso co ámbito natural, dende o punto de vista do impacto ecolóxico.

4. Regulamentariamente desenvolverase o réxime de autorización e funcionamento das Zonas de Aclimatación.

CAPÍTULO IV

O EXERCICIO DA CAZA NAS ZONAS DE SEGURIDADE

Artigo 37. As zonas de seguridade.

1. Son zonas de seguridade aquelas áreas nas que deban adoptarse medidas precautorias especiais co obxecto de garantir a integridade física e a axeitada protección das persoas e bens. Prohíbese en tódalas zonas de seguridade circular con armas cargadas, usalas ou disparar en dirección a elas, de xeito que poidan ser alcanzadas con perigo para as persoas ou os seus bens, salvo que se dispoña de autorización expresa para cazar nese terreo.

2. Considéranse zonas de seguridade:

a) As vías públicas, entendéndose por tales aos efectos desta lei, as vías férreas, as autoestradas, autovías as vías rápidas e os corredores, as estradas nacionais, comarcais e locais, que se encontren debidamente sinalizadas. Así como as súas marxes e zonas de

servidume das vías públicas e das vías férreas, ampliados nunha franxa de cincuenta metros de anchura a ambos lados do eixo da vía e si se estivesen pechadas, a cincuenta metros do peche.

b) O dominio público marítimo-terrestre e o dominio público hidráulico, incrementado este último nunha franxa de 5 metros en cada unha das súas marxes. A estes efectos, exclúense os ríos, as masas de auga e as canles que presenten unha anchura inferior a 3 metros de media na zona de referencia.

c) Os perímetros dos núcleos urbanos e rurais e doutras zonas habitadas ampliado nunha franxa de cen metros en todas direccións.

d) Os perímetros das poboacións, edificios habitables illados, xardíns e parques públicos, áreas recreativas, zonas de acampada, recintos deportivos, fábricas e establecementos industriais, ampliados nunha franxa de cen metros, en todas direccións.

e) Calquera outro lugar que polas súas características sexa declarado como tal polo/a titular da dirección xeral competente en materia de caza.

3. Non obstante o previsto no apartado anterior, o/a titular da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de caza, con carácter excepcional, e logo de petición dos/as titulares cinexéticos/as interesados/as, informando ao concello correspondente, poderá autorizar a caza nas marxes das vías públicas, así como nas canles e marxes dos ríos, regueiros e canles que atravesen terreos cinexéticos ou constitúan o límite entre os mesmos, se as condicións das mesmas permiten o exercicio seguro da caza ou situar os postos para os zapeos, ganchos e montarías. A autorización entenderase concedida unha vez transcorran tres meses, dende que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano administrativo competente para resolver.

4. Nas resolucións que se diten para o efecto, se son afirmativas, fixaranse as condicións aplicables en cada caso para exercitar a caza baixo a responsabilidade dos/as titulares da autorización.

5. Calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, poderá solicitar, fundadamente, á Consellería competente en materia de caza a declaración como zona de seguridade dun determinado lugar. As devanditas zonas, en caso de ser declaradas así, deberán ser sinalizadas polo/a promotor/a, conforme se determine regulamentariamente.

CAPÍTULO V

ZONAS DE ADESTRAMENTO E DE CAZA PERMANENTE E A SINALIZACIÓN DOS ESPAZOS CINEXÉTICOS

Artigo 38. As zonas de adestramento de cans e aves de cetraría.

1. Co fin de que os cans de caza e aves de cetraría poidan ser adestrados, nos Plans de Ordenación Cinexética poderán delimitarse as zonas, épocas e condicións en que se poderán levar a cabo a devandita actividade.

2. A zona terá unha axeitada e doada delimitación e quedará separada dos núcleos habitados pola zona de seguridade, e igualmente quedará separada dos lindeiros do TECOR por unha distancia mínima de 500 m salvo que medie acordo entre os/as titulares dos TECOR lindantes.

3. As zonas de adestramento permanecerán vedadas durante a tempada hábil de caza, sen que poidan incluírse na superficie que o TECOR debe destinar a vedados de caza.

4. Non se poderá adestrar durante a época de maior sensibilidade na cría das especies silvestres, tanto cinexéticas coma non cinexéticas, presentes, na zona. Estas épocas determinaranse regulamentariamente.

5. O adestramento de cans para a caza e das aves de cetraría regulárase regulamentariamente.

Artigo 39. Zonas de caza permanente

1. Son zonas de caza permanente aquelas partes integradas dentro do territorio dun tecor, que se reserven para a caza durante todo o ano, con excepción dos tres meses de maior sensibilidade para a cría das especies silvestres, nos que o exercicio da caza estará prohibido. Nestes espazos a caza realizarase sobre exemplares procedentes de soltas autorizadas.